



MARTES, 30 DE MAIO DE 2023 MARTES, 30 DE MAYO DE 2023 | BOP NÚMERO 101

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Exposición pública padrón de lixos 2023

EDICTO

Exposición pública da aprobación inicial do padrón fiscal da taxa de recollida de lixo para o ano 2023.

A alcaldesa, por resolución da alcaldía do día 24 de maio de 2023, resolveu:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa de recollida de lixo correspondente ó exercicio 2023.

Segundo.- Dito padrón queda exposto ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte á publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do prevido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

Durante dito prazo de exposición pública os interesados poderán examinalos e formular perante a alcaldía deste concello, as alegacións que consideren oportunas contra as liquidacións que se notifican. Poderán formular perante a alcaldía deste concello, o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ó da finalización do anteriormente citado período de exposición pública do padrón fiscal. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpor, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ó da notificación da devandita resolución. Se non recaeise resolución no prazo DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do prevido no mencionado artigo 14.2 do TRLRFL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, da LRX-PAC. Non obstante, se se considera convinte, poderá utilizar e exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Terceiro.- A recadación da taxa por recollida de lixo será realizada pola Deputación Provincial da Coruña, por delegación da Corporación Municipal deste Concello, ó abeiro do disposto no art. 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos períodos habituais e previa publicación no BOP nas datas e lugares establecidos polo servizo competente do organismo provincial.

Cuarto.- Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, declarase a exisibilidade do recargo de prema, de tal xeito que procederá: no caso de que se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da presente providencia de prema, o recargo será do 5% sobre o principal (recargo executivo), se a débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo se aboa dentro dos prazos sinalados no artigo 62.5 da LXT, o recargo será do 10% (recargo de prema reducido); ou o recargo de prema ordinario, que será do 20% se a débeda non se ingresa no prazo estipulado no artigo 62.5 da LXT.

O expediente atópase a disposición dos interesados nas oficinas municipais do Concello.

Santa Comba, 24 de maio de 2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

2023/4159